

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DO PADRÓN COBRATORIO CORRESPONDENTE AO 2.º CUADRIMESTRE DE 2023, POLA TAXA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA AOS NÚCLEOS DE SOBRADELO E A MEDUA E O CANON DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA; E PRAZO DE COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO

Por Acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de xaneiro de 2025, aprobouse o padrón cobratorio correspondente ao 2.º cuadrimestre de 2023, pola taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga aos núcleos de Sobrado e A Medua e o canon da auga da Xunta de Galicia.

O devandito padrón que comprende os suxeitos pasivos, o feito imponible e a débeda tributaria expone ao público nas oficinas deste concello, durante o prazo de 1 mes contado a partir da publicación deste anuncio no BOP, co fin de que os/as interesados/as poidan examinalo e presentar as alegacións ou reclamacións que consideren pertinentes; este anuncio servirá de notificación colectiva dos referidos tributos de cobranza xornal por recibo, conforme ao artigo 102.3 da Lei xeral tributaria.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións contidas nel, os/as interesados/as poderán interpoñer un recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes, desde o día seguinte ao de finalizar o prazo de exposición pública do padrón. Contra a desestimación expresa ou tácita do recurso de reposición poderase interpoñer un recurso contencioso - administrativo, nos prazos e condicións reguladas na Lei da xurisdición contencioso administrativa; o recurso de reposición será perceptivo á interposición do recurso contencioso - administrativo e a súa presentación non suspenderá a tramitación e os actos recadatorios, salvo que o acorde o órgano competente con suxeición ao procedemento establecido.

Período de pago en voluntaria: o período de pago en voluntaria establécese en dous meses a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no BOP; unha vez transcorrido o período de pago voluntario, as débedas serían esixidas polo procedemento de prema coas recargas correspondentes, así como os xuros de mora e demais gastos que procedan.

Lugar e forma de pago: os contribuíntes que non teñan domiciliado a cobranza da taxa da subministración de auga e do canon da auga da Xunta de Galicia recibirán no seu domicilio o recibo correspondente, emitido por Aquaourense, que deberán aboar dentro do prazo establecido como período de pago en voluntaria en calquera das oficinas de Abanca.

De conformidade co que recolle o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, advírtese aos contribuíntes que a falta de pago do canon da auga no período voluntario de pago suporá a súa esixencia directamente ao contribuínte pola vía de prema pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclama-





ción económico - administrativa ante o órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde a publicación deste anuncio no BOP de Ourense.

Carballada de Valdeorras, 11 de marzo de 2025. A alcaldesa.

Asdo.: M.^a Carmen González Quintela.

R. 630

